

Convocatoria axudas a Proxectos Colaboración Público-Privada (MICINN-AEI) Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2021-2023.

Organismo convocante: *Agencia Estatal de Investigación*

Bases reguladoras e Convocatoria:

[CONVOCATORIA CPP 2022 .pdf \(aei.gob.es\)](#)

Web Convocatoria: [Proyectos en colaboración público-privada 2022 | Agencia Estatal de Investigación \(aei.gob.es\)](#)

Obxectivo: execución de proxectos de desenvolvemento experimental realizados en cooperación entre empresas e organismos de investigación tanto públicos como privados.

A finalidade desta convocatoria é avanzar na incorporación de coñecementos e resultados científico-técnicos que permitan a validación e o desenvolvemento pre-competitivo de novas tecnoloxías, produtos e servizos, creando o contexto adecuado que estimule a xeración dunha masa crítica en I+D+i de carácter interdisciplinar para a súa aplicación, transferencia, procura de solucións e xeración de resultados tanto nas traxectorias tecnolóxicas e de innovación das empresas como no mercado.

PRAZO PRESENTACIÓN: 13/02/2023- 07/03/2023 (ás 14:00 h)

Beneficiarios:

- Organismos de investigación: OPIS, Universidades Públicas, outros centros públicos de I+D, Centros tecnolóxicos de ámbito estatal e centros de apoio á innovación tecnolóxica, Universidades privadas con I+D, outros centros privados de I+D
- Empresas, asociacións empresariais sectoriais

Actividades subvencionables:

Os proxectos subvencionables ao abeiro desta convocatoria deberán ser proxectos de desenvolvemento experimental, aliñadas coas liñas estratéxicas do Plan Estatal I+D+i:

1. Saúde
2. Cultura, creatividade e sociedade inclusiva
3. Seguridade para a Sociedade
4. Mundo dixital, industria, espazo e defensa
5. Clima, enerxía e mobilidade
6. Alimentación, bioeconomía, recursos naturais e medioambientes

Os proxectos non poderán implicar actividades que directa ou indirectamente ocasionen un prexuízo significativo ao medio ambiente (Principio DNSH). As propostas que non cumpran co devandito Principio serán excluídas.

Características dos proxectos:

Composición do consorcio: Proxectos en colaboración deberá contar coa participación dun mínimo de **dúas entidades**, sendo obrigatorio que unha das entidades participantes sexa un

Este resumo elaborouse con efectos meramente informativos. Calquera información dubidosa debe ser contrastada no boletín oficial correspondente á convocatoria referenciada

organismo de investigación público ou privado e que outra sexa unha empresa. Máximo 10 socios. A entidade Líder/representante deberá ser unha empresa.

O coordinador técnico pode ser tanto da empresa como organismo de investigación.

A participación mínima por entidade será do 10% do orzamento total do proxecto e a participación máxima por parte da empresa poderá ser de ata un máx. 70% do orzamento total do proxecto (suma participación empresarial entre 51%-90% e suma participación organismos de investigación entre 10%-49%).

Orzamento: deben ter un orzamento **mínimo** de 400.000 Euros.

Duración: 3 anos, inicio comprendido durante o ano 2023 (no existirá limitacións execución do orzamento entre anualidades). Finalización máxima ata 31/12/2026 (no admite prorrogas).

Modalidade de Axuda:

- a) Os organismos de investigación incluído as Universidades recibirán axuda en forma de subvención (ata o 100% dos custos marxinais)
- b) As empresas privadas só poderán obter axuda en forma de préstamos (ata o 95% do custo financiable dependendo do tipo e situación financeira da empresa). Como NOVIDADE as empresas poderá recibir subvención si se prevé **incorporación de doutores ás Empresas (nova contratación indefinida)**. A intensidade da subvención para a contratación de doutores na empresa estará en función da tipoloxía da empresa.

CUSTOS ELEXIBLES UVIGO: COSTES MARXINAIS

- Gastos de Persoal: nova contratación con dedicación exclusiva ao proxecto
- Inventariable: serán financiables os custos de adquisición ou amortización de equipos sempre que se adiquen exclusivamente ao proxecto e a súa vida útil coincida coa duración do mesmo. Inclúense programas informáticos de carácter técnico, sempre que se xustifique adecuadamente a súa necesidade na memoria do proxecto.
- Material Funxible e consumibles.
- Auditoría de contas: Máximo 2.500 euros por beneficiario
- Subcontratación: actividades do proxecto que forman parte da actuación subvencionada (fitos/tarefas) pero que non poden ser realizadas por se mesma pola entidade beneficiaria. Ata o 50% do orzamento financiable do beneficiario.
- Outros Custos Directos:
 - Gastos de servicios centrales_CACTI
 - Gastos de novas solicitudes de patentes previstas na memoria, soamente entidades OPIS (non é elixible custos de mantemento ou estudo de patentes).
 - Contratos e asistencias técnicas: prestacións de servizos que non constitúen en si mesmas tarefas do proxecto e que por tanto non son susceptibles de subcontratación.
 - Viaxes: referidos a traballadores imputados no proxecto. Excluídos: asistencia a congresos, xornadas, actividades de difusión.
- Custes indirectos 25% costes directos
- Custes **NON elixibles:**
 - Dispositivos informáticos de uso xenérico (PC, portátiles, impresoras), licenzas de programas informáticos xerais.
 - Material de oficina e consumibles
 - Gastos de difusión de resultados
 - Asistencias a congresos ou xornadas

Este resumo elaborouse con efectos meramente informativos. Calquera información dubidosa debe ser contrastada no boletín oficial correspondente á convocatoria referenciada

- Gastos derivados de publicacións
- Subscrición a publicacións ou revistas científicas
- Amortizacións de aparatos e equipos usados cando foran financiados con fondos públicos
- Estudos de mercado ou de viabilidade
- Non financiable o IVA

ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA:

- **Persoal Propio:** No orzamento calculase a custos totais, é dicir, incluíndo tamén os custos do persoal propio, aínda que só se solicita axuda para os custos marxinais. No orzamento na partida de **Persoal**, deberase incluír todo o persoal investigador propio e contratado, indicando para cada persoa:
Coste/hora
Nº horas de dedicación en cada anualidade
IMPORTANTE: a xustificación requirirá a presentación de partes horarios semanais asinados, onde queden recollidas as horas imputadas a todos os proxectos e/ou actividades nos que participase cada investigador.
- **As publicacións científicas** resultantes do proxecto deberán estar dispoñibles en acceso aberto (en revistas de acceso aberto, repositorios institucionais ou temáticos de acceso aberto).
- O representante da agrupación pode solicitar un máximo de 20.000€ para a xestión do proxecto, sempre que non formen parte dos costes xerais da entidade.
- **Memoria técnica** se presentará en inglés (recomendado) ou castelán (máximo 40 páxinas).

b) Empresa: COSTES TOTAIS**Custes elixibles:**

- Custes de persoal propio: investigadores, técnicos e persoal auxiliar, tanto persoal propio como novas contratacións, nas horas de traballo que se adiquen exclusivamente ao proxecto. Só persoal dos grupos de cotización 1, 2 e 3.
- Aparatos e equipos: só custes de amortización correspondentes á duración do proxecto, tanto novos como usados.
- Custes **NON elixibles** (ademais dos sinalados para universidades): as solicitudes de patentes xeradas no marco do proxecto por parte de grandes empresas.